



Sindicato de  
Traballadores de la  
Administración de  
Justicia

Contacta con nosotros:

Provincia A Coruña: (Paco): móvil 609.292.438 Local sindical 881881672  
Provincia Pontevedra: (Jóse): 600.482.787 / (Kike) 605.128.068, Local sindical 886218416  
Provincia de Lugo: (José Manuel): móvil 636 99 39 66  
Provincia de Orense: (Javier): móvil 649.978.259

**Galicia**

correo electrónico: [staigalicia@gmail.com](mailto:staigalicia@gmail.com) // Blog: <http://staigalicia.blogspot.com/>

ENRIQUE ARAUJO MARTINEZ, Delegado Sindical pola Provincia de Pontevedra, do Sindicato de Traballadores da Administración de Xustiza (STAJ).

O día 26 de Decembro do ano pasado publicouse no DOGA a Resolución de 18 de Decembro de 2013, da Escola Galega de Administración Pública, pola que se publica o plan de formación do Persoal o Servizo da Administración Autónoma, da Administración Local e da Administración de Xustiza para 2014.

Nesa Resolución acordase, entre outros cursos de formación, realizar unha edición do Curso Medio de Linguaxe Xurídica Galega, e dúas edicións do Curso Superior de Linguaxe Xurídica Galega, para PERSOAL QUE ESTÁ DESTINADO FORA DO TERRITORIO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA. As prazas, tanto do Curso Medio como do Superior, son 30 por Edición, prazas que este Sindicato entende como insuficiente, dado o gran número de compañeir@s de orixe galega, que están a prestar servizo no resto do territorio nacional.

Nos derradeiros anos o Concurso de Traslado entre persoal da Administración de Xustiza, vense convocando a primeiros do mes de Maio, e para a xente que está traballando fora de Galicia, e fundamental contar cos cursos de linguaxe xurídica para poder acceder a unha praza dentro do territorio de Comunidade galega, por iso e necesario que estes cursos se convoquen de inmediato, e o comenzo da súa realización non se dilate máis aló da primeira quincena de Febreiro.

Por outra banda, nesa Resolución anúncinase tamén, varios edicións de cursos de lingua inglesa, francesa, alemá e portuguesa, pero están dirixidos en exclusiva ó persoal que presta servizos na Administración Autónoma, sen que poidamos optar polos mesmos o persoal que traballamos na Administración de Xustiza, producíndose deste xeito unha discriminación, pois eses cursos, ademais de seren útiles para o noso trabalo diario, tamén nos puntúan para promocionar.

SOLICITO: que se amplien as prazas para cada edición dos Cursos de Linguaxe Xurídica Galega para persoal de fora da Comunidade, ata duplicar, polo menos, o número de prazas por edición, lembramos que tódolos cursos son por teleformación, ademais que se convoquen ditos cursos de forma inmediata e a súa data de comenzo non supere o 15 de febreiro.

Que o persoal que presta servizos na Administración de Xustiza poida optar a realizar cursos de inglés, francés, alemá e portugués, nas mesmas condicións que o persoal da Administración autónoma.

Pontevedra a 13 de Xaneiro de dous mil catorce

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
REGISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA  
PONTEVEDRA

Data 13/01/2014 10:37:23

ENTRADA 5333 / RX 34188



DIRECTOR/A DA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA.- SANTIAGO DE COMPOSTELA.